

# O Software libre nas empresas informáticas de Galicia

## EDICIÓN 2019. RESUMO EXECUTIVO

XUNTA DE GALICIA

amtega
Axencia para a Modernización Tecnolóxica

OBSERVATORIO da Sociedade da Información e a Modernización de GALICIA

# Índice

I. Presentación

II. Principais resultados

- II.1 Posición global
- II.2 Tipoloxía de Software
- II.3 Formación en Software Libre
- II.4 Empresas como provedoras de Software
- II.5. Análise sectorial e provincial
- II.6. Barreiras para non empregar Software libre
- II.7. Propostas de actuación e nicho de mercado



Axencia para a Modernización Tecnolóxica

XUNTA DE GALICIA

# PRESENTACIÓN

Principais resultados dos indicadores sobre Software Libre integrados na "Enquisa ás Empresas TIC de Galicia". Edición 2019.

Realizada polo Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia.

## Obxectivos:

Analizar a penetración do Software Libre nas empresas informáticas galegas desde unha dobre vertente:

- A implantación e uso do Software Libre nestas empresas
- A oferta de produtos e servizos de Software Libre aos seus clientes

## Metodoloxía da enquisa do OSIMGA:

- 440 enquisas ás empresas TIC con actividade en Galicia (con sede en Galicia ou fóra da Comunidade Autónoma Galega). O universo de empresas está conformado por 2.627 unidades.
- Enquisa autoadministrada vía web con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefónica ou persoalmente para a súa cobertura
- Período de realización da enquisa: 29 de Outubro ao 23 de Decembro do 2019.
- A marxe de erro para o conxunto da mostra é de ± 4,35%.

# PRINCIPAIS RESULTADOS

# POSICIÓN GLOBAL

Continua o crecemento do uso de Software Libre nas TIC galegas, chegando ao 90,9% (1,2 puntos máis que no ano anterior).  Destaca a presenza de solucións libres nas empresas de 3 a 9 empregados / as, cun 95,7%.

| | |
|---|---|
| DE 10 OU MÁIS EMPREGADOS / AS | **94,1%** |
| DE 3 A 9 EMPREGADOS / AS | **95,7%** |
| DE 0 A 2 EMREGADOS /AS | **88,6%** |

EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas con software libre nalgún equipo informático (ordenadores e/ou servidores)
(% sobre as empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

**EVOLUCIÓN do software libre:**

Período 2016-2019: +3,7 puntos

Último ano: +1,2 puntos

# TIPOLOXÍA DE SOFTWARE




Fonte: OSIMGA

O incremento de solucións con licenza libre sitúase nos ordenadores, onde o 90,9% das empresas TIC dispoñían de Software Libre nalgún ordenador no 2019.




Fonte: OSIMGA

O Software Libre está presente nos servidores do 73,2% das empresas TIC galegas.

# TIPOLOXÍA DE SOFTWARE (II)

EMPRESAS CON SISTEMAS OPERATIVOS E APLICACIÓNS LIBRES NOS ORDENADORES

(% sobre as empresas TIC)




**Fonte: OSIMGA**

## ORDENADORES

No 2019, o incremento do Software Libre nos ordenadores débese a unha maior dispoñibilidade de aplicacións libres, que aumenta do 79,2% ao 90,4%, 11,2 puntos porcentuais respecto ao ano 2018.

EMPRESAS CON SISTEMAS OPERATIVOS E APLICACIÓNS LIBRES NOS SERVIDORES

(% sobre as empresas TIC)




**Fonte: OSIMGA**

## SERVIDORES

O incremento no caso dos servidores tamén se produce nas aplicacións libres, onde crece a súa utilización en 14,6 puntos porcentuais.

# TIPOLOXÍA DE SOFTWARE (III)




**Fonte: OSIMGA**

As aplicacións que máis atopamos nas empresas TIC galegas son os "Navegadores de Internet" e as "Aplicacións Ofimáticas", destacando tanto na dispoñibilidade do Software Libre como no de Privativo.

Os usos onde máis destacan as aplicacións libres fronte as privativas son os de "Xestión de Contidos web" (47% ) cunha distancia de 16,6 puntos, seguido dos programas de "Desenvolvemento de software" (47,1%), con 12,1 puntos de distancia.

# FORMACIÓN EN SOFTWARE LIBRE




**Fonte: OSIMGA**

| | |
|---|---|
| Persoal informático | • Decrece en 6,3 puntos porcentuais |
| Persoal non informático | • Uns 4,5 puntos porcentuais menos |

# EMPRESAS INFORMÁTICAS COMO PROVEDORAS DE SOFTWARE

Dentro das empresas que ofertan produtos de software, crece a porcentaxe das TIC que son provedoras de Software libre, do 50,8 % aumenta ao 56,4%.

Os produtos de software máis ofertados polas empresas TIC foron :

Xestión de contidos de portais e páxinas web (57,7%)

Sistemas de xestión de bases de datos (52,3%).

| INCREMENTOS DE PRODUTOS DE SOFTWARE LIBRE | Aumento 2018 – 2019 |
|---|---|
| **Xestión de contidos de portais e páxinas web** | 6,7 puntos |
| **Traballo colaborativo** | 3,7 puntos |
| **Sistemas operativos** | 2,6 puntos |
| **Software de escritorio** | 2,3 puntos |

# EMPRESAS INFORMÁTICAS COMO PROVEDORAS DE SOFTWARE

Os produtos de software ofertados polas empresas informáticas con maior presenza de solucións libres que privativas son:

- "Xestión de contido de portais web " (9,3 puntos)
- "E-commerce" (7,9 puntos)
- "E-learning" (3,4 puntos)
- "Servidor web" (2,7 puntos máis)

PRODUTOS DE SOFTWARE LIBRE / PRIVATIVO QUE OFRECEN AS EMPRESAS INFORMÁTICAS
(% empresas TIC que ofrecen produtos de software)






Fonte: OSIMGA

# EMPRESAS INFORMÁTICAS COMO PROVEDORAS DE SOFTWARE

PRODUTOS DE SOFTWARE LIBRE QUE OFRECEN AS EMPRESAS INFORMÁTICAS
**(% empresas TIC que ofrecen produtos de software)**






**Fonte: OSIMGA**

# ANÁLISE SECTORIAL E PROVINCIAL DO SOFTWARE LIBRE

DISTRIBUCIÓN DO USO DE SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A PROVINCIA
(% sobre as empresas informáticas)




Fonte: OSIMGA

DISTRIBUCIÓN DO USO DE SOFTWARE LIBRE SEGUNDO O SECTOR
(% sobre as empresas TIC)




As empresas TIC de Lugo destacan pola dispoñibilidade de Software Libre, presente nun 97,2% delas.

As empresas pertencentes ao sector de "Comerciais TIC" son as que máis empregaron Software Libre no 2019 (o 95,5%), seguidas de preto polas empresas "Manufactureiras TIC" (92,9%).

# BARREIRAS PARA NON EMPREGAR SOFTWARE LIBRE

BARREIRAS DAS EMPRESAS PARA NON EMPREGAR SOFTWARE LIBRE




As dúas razóns que continúan sendo impedimentos para non empregar Software Libre nas empresas TIC galegas, son "incompatibilidade cos sistemas ou interlocutores actuais", e a "complexidade ou risco de cambio".

BARREIRAS DAS EMPRESAS PARA NON SER PROVEDORAS DE SOFTWARE LIBRE




Máis da metade das empresas TIC, o 54,8%, non ofrece Software Libre porque considera que non está na súa liña de negocio.

# PROPOSTAS DE ACTUACIÓN E NICHO DE MERCADO

Accións promotoras do Software Libre que demandan as propias empresas

| Axudas e subvencións | Demostracións de funcionamento dos produtos | Formación aos usuarios / as en SL |
|---|---|---|
| 41% | 32,5% | 29,5% |

Aspectos mais valorados polos clientes do Software Libre

| 79,7% | 46,4% | 43,4% |
|---|---|---|
| CUSTO | INDEPENDENCIA DO PROVEDOR | PERSOALIZACIÓN |

As principais accións para incentivar o uso do Software Libre que máis argumentan as propias empresas TIC son "Axudas e subvencións" (41%), xunto coas "Demostracións de funcionamento dos produtos" (32,5%).

En opinión das empresas tecnolóxicas, os aspectos que máis valoran os clientes respecto ao Software Libre son o custo (79,7%), independencia do provedor (46,4%) e a persoalización (43,4%).

XUNTA DE GALICIA

Edificio CINC
Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás s/n
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)

amtega
Axencia para a Modernización Tecnolóxica

OBSERVATORIO da Sociedade da Información e a Modernización de GALICIA

Máis información: www.osimga.gal